

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

Aprobado inicialmente por acordo do Pleno deste Concello, na súa sesión de data 26.11.2012, a “Ordenanza das actividades económicas de prestacións de servizos no Concello de Salvaterra de Miño”, e transcorrido o prazo de trinta días hábiles desde a súa publicación no B.O. da Provincia sen que contra o mesmo se viñeran a producir ningunha reclamación ou suxestión, enténdese automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación ata agora provisional, segundo o disposto no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

De conformidade co art. 70.2 da referida Lei 7/1985, procédese á publicación do seu texto íntegro para a súa entrada en vigor, o que se producirá unha vez publicado completamente o seu texto e transcorrido o prazo previsto polo art. 65.2 da mesma lei:

“ORDENANZA DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS DE PRESTACIÓNS DE SERVIZOS NO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Directiva 2006/123/CE aprobada polo Consello Europeo con data 12 de decembro de 2006 e a súa transposición ao ordenamento español na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio; asemade, a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio e; a normativa autonómica, a Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva, establecen a comunicación previa ou declaración responsable como mecanismo ordinario de intervención no ámbito local xunto ás licenzas, o que implica unha importante modificación do réxime de control das actividades polos concellos.

Do mesmo xeito, a recentemente aprobada Lei de economía sostible (Lei 2/2011, do 4 de marzo) reforma a Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que agora dispón no seu novo artigo 84 bis o seguinte:

“Sen prexuízo do disposto no artigo anterior, con carácter xeral, o exercicio de actividades non se someterá á obtención de licenza ou outro medio de control preventivo. Non obstante, poderán someterse a licenza ou control preventivo aquelas actividades que lle afecten á protección do medio ambiente ou do patrimonio histórico-artístico, a seguridade ou a saúde públicas, ou que impliquen o uso privativo e ocupación dos bens de dominio público, sempre que a decisión de sometemento estea xustificada e resulte proporcionada. En caso de existencia de licenzas ou autorizacións concorrentes entre unha entidade local e algunha outra administración, a entidade local deberá motivar expresamente na justificación da necesidade da autorización ou licenza o interese xeral concreto que se pretende protexer e que este non se encontra xa cuberto mediante outra autorización xa existente.”

A Lei de economía sostible engade un artigo 84 ter. á Lei de bases de réxime local coa seguinte redacción:

“Cando o exercicio de actividades non precise autorización habilitante e previa, as Entidades locais deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así como os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos para o exercicio desta polos interesados previstos na lexislación sectorial.”

Finalmente, o artigo 42 da Lei de Economía Sostible reforma o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e concretamente a letra i) do artigo 20.4º, que agora establece que se cobrarán as correspondentes taxas polo outorgamento das licenzas de

apertura de establecementos, así como pola realización da actividade de verificación do cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación sectorial cando se trate de actividades non suxeitas á autorización ou control previo.

Do mesmo xeito o recente Real Decreto-Lei 19/2012, de 25 maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos *“as cargas administrativas constitúen algún dos obstáculos que non son necesarias nin proporcionadas e cuxos obxectivos poden alcanzarse mediante procedementos de control que non retrasen nin paralicen o desenrolo da actividade. Especialmente gravosas resultan determinadas licenzas cuxos procedementos impiden o exercicio da actividade ata moito tempo despois de acometer as inversións iniciais.*

(...) A realidade concreta do sector comercial minorista pon de manifesto, por tanto, que é necesario facer un maior esforzo na remoción dos obstáculos administrativos que existen na actualidade para exercer determinadas actividades, establecendo as bases e instando ás Comunidades Autónomas e Entidades Locais a unha adaptación da súa normativa que redunde en beneficio real para as PYMES no inicio e exercizo da actividade.

Mediante este real decreto-lei avánzase un paso máis eliminando todos os supostos de autorización ou licenza municipal previa, motivados na protección do medio ambiente, da seguridade ou da saúde públicas, ligados aos establecementos comerciais e outros que se detallan no anexo cunha superficie de ata 300 metros cadrados (...) A flexibilización esténdese tamén máis alá do ámbito de aplicación da reforma da Lei 2/2011, de 4 de marzo, e afecta tamén a tódalas obras ligadas ao acondicionamento destes locais que non requiran a presentación dun proxecto de obra de conformidade coa Lei 38/1999, de 5 de Novembro, de Ordenación da Edificación. Deste xeito, poderase iniciar a execución de obras e inhalacións e o exercizo da actividade comercial e de servizos coa presentación dunha declaración responsable ou comunicación previa, segundo o caso, na que o empresario declara cumprir os requisitos esixidos pola normativa vixente e dispor dos documentos que se esixan, ademais de estar en posesión do xustificante do pago do tributo correspondente cando sexa preceptivo.

(...) De conformidade coas medidas previstas neste real decreto-lei, en orde a supresión de licenzas, e por aplicación da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, calquer norma, disposición ou acto, adoptado por calquera órgano das administracións autonómicas ou locais que contraveñan ou dificulten a aplicación deste réxime, poderá ser declarado nulo de pleno dereito, sen prexuízo da esixencia, no seu caso, da correspondente responsabilidade patrimonial á administración pública incumplidora.”

Así pois, é preciso regular o procedemento de comunicación nunha nova ordenanza e establecer as actividades que quedan excluídas deste mecanismo de control que con carácter xeral establécese no artigo 84 bis da lei de bases do réxime local para as actividades.

En primeiro lugar, hai que ter en conta que o propio artigo 84, bis xa establece os criterios polos que certas actividades quedan excluídas desta declaración responsable, como son a protección do medio ambiente e do patrimonio histórico-artístico, a seguridade ou a saúde públicas, ou que impliquen o uso privativo e a ocupación dos bens de dominio público.

En segundo lugar, tamén debe terse en conta que seguen en vigor as normas que regulan procedementos especiais para autorización de certas actividades, como son o Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas ou o Decreto da Xunta 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental; nestas normas esíxese que se abran períodos de información pública dado que se trata de actividades que lle afectan á tranquilidade e saúde dos veciños, e se require que outras administracións concedan a súa autorización previamente á concesión da licenza municipal.

Por outra banda, se ben se entende que o réxime de autorización previa en materia de licenzas urbanísticas non está contemplado na Directiva 2006/123/CE xa que, as particularidades propias do ámbito urbanístico e as razóns de interese xeral impedirían que con carácter xeral se establecera un réxime de comunicación previa para todas as actividades suxeitas a licenza urbanística, o certo é que o seu carácter de requisito previo que condiciona a liberdade de establecemento xustifica que a regulación que se efectúe das mesmas module o grao de intervención administrativa nesta materia.

Así, o feito de que estas licenzas se atopen excluídas da Directiva de servizos, non significa que nese ámbito non poidan tentarse aplicar os mecanismos da comunicación previa ou da declaración responsable para a posta en funcionamento de actividades sometidas a estes réximes, coa finalidade de non deixar sen contido material a transposición da Directiva 2006/123/CE, tal e como ven a confirmar o contido do recente Real Decreto-Lei 19/2012, de 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos.

O artigo 17.1 da Lei 17/2009 do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, determina que “*As administracións públicas revisarán os procedementos e trámites aplicables ao establecemento e a presentación de servizos co obxecto de impulsar a súa simplificación*”, en virtude desta facultade outorgada ás administracións públicas estímase procedente establecer un réxime xurídico simplificado de declaración responsable ou de comunicación previa para aquelas actuacións ou intervencións con escasa ou nula entidade técnica ou construtiva, e nas que non sexa necesaria a presentación de proxecto técnico que determine a necesidade dunha previa autorización ou licenza urbanística para poder levarse a cabo.

CAPITULO PRIMEIRO. DISPOSICIONS XERAIS

Artigo 1º. Obxecto e fins.

1.- É obxecto da presente ordenanza establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios para o exercicio das actividades que se desenvolvan no concello de Salvaterra de Miño no marco das competencias municipais recoñecidas no artigo 84 da lei de bases de réxime local, así como os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previstos na lexislación sectorial, precisos para o exercicio das mesmas polos interesados.

A presente ordenanza dítase para dar cumprimento, neste eido municipal, ao mandato contido na Disposición Adicional 8ª da Lei 2/2011 de economía sostible, e ten por obxecto regular os procedementos de intervención municipal para habilitar, ou, no seu caso autorizar, o exercicio de actividades e a prestación de servizos que pola súa menor entidade e incidencia urbanística e medio-ambiental, someteranse, respectivamente, á presentación dunha declaración responsable ou comunicación previa, consonte ao determinado na lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, Real Decreto-lei 19/2012, do 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos e demais normativa estatal e autonómica de transposición da Directiva de Servizos 2006/123 ce.

2.- As súas finalidades xenéricas residen en acadar unha simplificación dos procedementos administrativos e na eliminación de obstáculos para facer efectivas, no eido das actividades de ámbito local, as liberdades de establecemento e prestación de servizos en exercicio de dereitos preexistentes. Asemade, páutanse e planifícanse os procedementos de comunicación necesarios así como os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos esixidos para o exercicio da actividade que se prevén na lexislación urbanística, medio-ambiental e sectorial de aplicación, ademais de xustificárense os supostos de concorrencia de interese xeral para o mantemento da licenza previa municipal de actividade ou apertura.

3.- A presente ordenanza fixa, en particular, as condicións, requisitos e procedementos que deberán observarse para a eficacia das declaracións responsables do inicio de actividades comerciais polo miúdo, incluídas as correspondentes instalacións e obras ligadas ao acondicionamento dos locais comerciais, e, en xeral, dos servizos e das actividades económicas inocuas por non estaren sometidas a avaliación ambiental ou autorización sanitaria, así coma para a eficacia das comunicacións dos cambios de titularidade tanto de licenzas urbanísticas como dos títulos xurídicos habilitantes para o desenvolvemento de actividades e a prestación de servizos.

Artigo 2º. Ámbito de aplicación.

1.- O ámbito de aplicación da presente ordenanza cínxese territorialmente ao termo municipal do concello de Salvaterra de Miño.

2.- Dende o punto de vista obxectivo regúlanse e quedan pautados os supostos, os requisitos e os

procedementos de comunicación e verificación posterior para o inicio das seguintes actividades e obras:

2.1. O inicio ou apertura, incluídas as instalacións e acondicionamentos correspondentes que non precisen proxecto segundo a lei 38/1999, do 5 de novembro de ordenación da edificación, de calquera actividade comercial de carácter inocuo, polo miúdo e realizada en establecementos permanentes cunha superficie útil de exposición e venda ao público non superior a 300 metros cadrados, previstas no art. 2 da lei 13/2010, do 17 de decembro, de comercio interior de Galicia e no anexo do Real Decreto-lei 19/2012, de 25 de maio, así como, en xeral, das actividades económicas inocuas que non se atopen incluídas no eido do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental ou calquera outra cautela ambiental previa, que non estean sometidas á tramitación propia da normativa de espectáculos públicos e actividades recreativas, que non requiran o oportuno informe da consellería de Sanidade, ou que estean excluídas do eido de aplicación da normativa de transposición da Directiva de Servizos.

2.2. Os cambios de titularidade de licenzas de apertura/actividade como os das de actividades declaradas responsablemente, que se efectúan ao abeiro do disposto no artigo 13 do Regulamento de servizos das corporacións locais e/ou do artigo 28.4 da devandita Lei de comercio interior de Galicia ou norma que a substitúa.

3.- As restantes actividades, instalacións e obras non incluídas no ámbito de aplicación da presente ordenanza regulado no seu capítulo II, quedan suxeitas ao procedemento de licenza previa, agás disposición legal en contrario, polos motivos de interese xeral que se expresan nesta ordenanza.

4.- As licenzas previas que, de acordo co presente artigo, non sexan esixibles, substitúense polas declaracións responsables, ou ben por comunicacións previas, de conformidade co establecido no artigo 71.bis da Lei 30/1992, de 26 de Novembro, de Réxime Xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, relativas ao cumprimento das previsións legais establecidas na normativa vixente. En todo caso, o declarante deberá estar en posesión do xustificante de pago do tributo correspondente cando sexa preceptivo.

5.- As declaracións responsables e comunicacións previas permitirán o exercicio dun dereito ou ben ou inicio dunha actividade dende o día da súa presentación, sen prexuízo das facultades de comprobación que ten atribuídas esta administración.

6.- A presentación da declaración responsable, ou da comunicación previa, co conseguinte efecto de habilitación a partir dese para o exercicio material da actividade, non prexulgará en modo algún a situación e efectivo acomodo das condicións do establecemento á normativa aplicable, nin limitará o exercicio das potestades administrativas de comprobación, inspección, sanción e en xeral de control que a administración municipal, autonómica ou estatal lle estean atribuídas polo ordenamento sectorial aplicable en cada caso.

Artigo 3º. Definicións.

Aos efectos da aplicación da presente ordenanza defínese como:

1. Declaración Responsable: documento suscrito por un suxeito interesado no que manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para acceder ao recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio. Tales requisitos recóllense de xeito expreso e preciso na presente ordenanza e reflíctense nos correspondentes modelos normalizados de declaración responsable incorporados como anexo I.

2. Comunicación previa: documento polo que os interesados poñen en coñecemento da administración pública competente os seus datos identificativos e demais requisitos esixibles para o exercicio dun dereito ou inicio dunha actividade.

3. Licenza: acto administrativo regrado, expreso ou tácito, polo que o concello autoriza, previa comprobación das condicións establecidas pola normativa aplicable, actos de ocupación, construción, edificación, uso do solo ou subsolo ou o exercicio de actividades.

4. Obras menores: obras e instalacións de técnica simple e escasa entidade construtiva e económica que non supoñan alteración do volume, do uso, das instalacións e servizos de uso común e do número de vivendas e

locais, sen que poidan afectar ao deseño exterior, á cimentación, á estrutura ou ás condicións de habitabilidade ou seguridade dos edificios ou instalacións de tódalas clases.

Abranguen as pequenas obras de simple conservación, reparación, decoración e ornato que non precisan de proxecto técnico e non implican un orzamento elevado.

5. Obras Maiores: obras ou instalacións que non estean incluídas na categoría de obras menores.

Necesitan de proxecto técnico e abranguen, basicamente, os conceptos de obra nova ou nova edificación, primeira utilización dos edificios, as obras de restauración estrutural, de ampliación, de reestruturación, ou de instalación e/ou acondicionamento de locais para as actividades, e de conservación, rehabilitación e restauración, que afecten a elementos estruturais, e as obras de demolición ou derrube.

CAPITULO SEGUNDO. AMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 4º. Declaración responsable de aperturas comerciais, de actividades inocuas e das instalacións e obras de acondicionamento de locais comerciais.

1.- Quedan suxeitas ao réxime de declaración responsable regulado na presente ordenanza todos aqueles servizos, actividades, instalacións e obras ligadas ao acondicionamento de locais comerciais polo miúdo, cunha superficie útil de exposición e venda ao público non superior a 300 metros cadrados, que non precisen da redacción dun proxecto de obra consonte á lei 38/1999, do 5 de novembro, e se refiran a usos permitidos ou compatibles segundo as ordenanzas do planeamento xeral que se atope en vigor, tales como a apertura de comercios, polo miúdo, en establecementos permanentes, para o exercicio de actividades inocuas, o exercicio de profesións liberais e colexiadas, os servizos de carácter financeiro, de transportes, de seguros, academias, oficinas administrativas e institucionais, así coma, en xeral, as actividades económicas que non se exclúan expresamente no seguinte punto e sempre e cando no interior do local onde se desenvolvan non se dispoña de instalacións ou aparellos que, polo seu funcionamento, puideran seren merecedoras da súa cualificación como actividades molestas, insalubres, nocivas ou perigosas ou suxeitas a incidencia ambiental.

Considéranse expresamente incluídas no ámbito de aplicación do réxime de declaración responsable pautado na presente ordenanza os servizos e as actividades comerciais incluídas no anexo do Real Decreto lei 19/2002, do 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos.

Non será esixible licenza ou autorización previa para a realización das obras ligadas ao acondicionamento dos locais para desempeñar a actividade cando non requiran da redacción dun proxecto de obra de conformidade coa lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación.

2.- Quedan excluídas expresamente deste procedemento e sometidas a licenza de apertura ou actividade previa, segundo proceda, as seguintes:

2.1. As instalacións, obras de acondicionamento e actividades suxeitas ao trámite de incidencia, efectos ou impacto ambientais ou a calquera clase de avaliación ambiental.

2.2. Actividades que requiran de informe previo á autorización municipal da consellería titular da competencia en sanidade para ao seu exercicio.

2.3. Todas as actividades e instalacións relacionadas no Decreto 160/2005, do 2 de xuño, que modifica o Decreto 294/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da comunidade autónoma de Galicia, suxeitas á regulamentación e ao procedemento previsto no Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas, aprobado polo Real decreto 2816/1982, de 27 de agosto. Inclúense entre estas os servizos prestados por empresas de ocio e espectáculos tales como cinemas, teatros, circos, ludotecas, parques infantís ou similares e tamén, os hoteis, así como as cafetarías, bares, restaurantes e hostalaría en xeral.

2.4. As que atinxan, se desenvolvan ou impliquen uso privativo ou ocupación de bens demaniais de uso ou servizo público e a venda ambulante ou en feiras e mercados tradicionais que se desenvolven no espazo público.

2.5. As que atinxan ou se desenvolvan en edificacións que contén con expediente incoado por presunta infracción urbanística de carácter ilegalizable.

2.6. As actividades expresamente excluídas do ámbito de aplicación da Directiva 2006/13/CE ou as

actividades comerciais para as que se esixa licenza previa en aplicación da lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia ou de calquera outra lei ou disposición regulamentaria de carácter xeral con competencias sectoriais na actividade ou servizo de que se trate.

2.7. As obras vencelladas ao acondicionamento dos locais que requiran dun proxecto de obra Consonte á lei 38/1999, de 5 de novembro de ordenación da edificación ou norma que no futuro a substitúa, as cales se seguirán regulando, en canto á esixencia de licenza previa, requisitos xerais e competencia para o seu outorgamento, pola normativa vixente.

2.8. As obras e actividades que teñan impacto no patrimonio histórico artístico por afectar a edificacións declaradas BIC, catalogadas ou inventariadas.

Artigo 5º. Cambios de titularidade.

Abrangue tódolos supostos de transmisión da titularidade de licenzas urbanísticas de actividade e/ou apertura así como da titularidade de actividades declaradas responsablemente, que se efectúen ao abeiro do disposto no artigo 13 do Regulamento de servizos das corporacións locais e/ou do artigo 28.4 da lei 13/2010, de 17 de decembro, de comercio interior de Galicia, ben sexa por traspaso, sucesión, fusión, absorción, cambio de nome, transformación de fórmula xurídico-mercantil ou semellante, tanto inter-vivos como mortis-causa, sempre que se cumpra cos seguintes requisitos:

O local ou instalación en cuestión ten que se corresponder e axustar en canto ao seu acondicionamento, instalacións e distribución ao que obtivo licenza de primeira ocupación ou apertura inicial e cumprir a instalación con tódalas medidas correctoras esixidas nos títulos xurídicos habilitantes de obras e de actividade.

CAPITULO III. REQUISITOS E DOCUMENTACION

Artigo 6º. Requisitos xerais.

En tódolos casos regulados na presente ordenanza deberá achegarse a seguinte documentación:

1. Instancia correspondente que, obrigatoriamente, deberá utilizar o modelo normalizado.
2. Fotocopia do NIF/NIE do/a solicitante e, no seu caso, do/a representante.
3. Escritura de sociedade, poder ou documentación acreditativa da representación, cando proceda.
4. Xustificante acreditativo do pagamento das taxas e tributos correspondentes que sexan preceptivos.
5. Copia das autorizacións municipais de enganche á rede de abastecemento de auga e á rede de saneamento, e en caso de non posuílas copias rexistradas de entrada das instancias de solicitude para a acometida a rede de abastecemento de auga e á rede municipal de saneamento.
6. Documentación acreditativa da referencia catastral.
7. Documento acreditativo da propiedade ou dispoñibilidade que o solicitante ostenta sobre o local.

Artigo 7º. Requisitos e documentación específica das declaracións responsables para prestación de servizos, apertura de establecementos comerciais e actividades inocuas, instalacións e obras de acondicionamento de locais comerciais.

Deberá achegarse a declaración, obrigatoriamente, no modelo normalizado, que se inclúe no anexo I desta ordenanza e que abrangue, ademais da documentación relacionada no artigo 6, a seguinte:

1. Declaración responsable da certeza do manifestado na instancia normalizada, que incluírá a manifestación explícita do cumprimento dos requisitos esixibles consonte á normativa vixente.
2. Compromiso de cumprimento dos requisitos normativamente esixidos e mantemento de tódalas medidas correctoras precisas para o correcto exercicio da actividade durante todo o período de tempo a el inherente.
3. Compromiso de acomodación ás esixencias derivadas da nova normativa que de xeito sucesivo vaia entrando en vigor, previa obtención das autorizacións que, no seu caso, resulten necesarias para tal finalidade, ao tratarse dunha actividade continuada.
4. Indicación da data de inicio da actividade e, no seu caso das instalacións e/ou obras de acondicionamento, con presunción de inicio no mesmo día de presentación da instancia no seu defecto.

5. Achega da documentación técnica que acredita o cumprimento dos requisitos indicados e que se concreta na seguinte:

5.1. Nos supostos de actividades sen obras:

5.1.1. Memoria de actividade subscrita por técnico competente (incluíndo superficies e potencia mecánica).

5.1.2. Certificado de seguridade e solidez das instalacións, subscrito por técnico competente.

5.1.3. Documentación técnica subscrita por técnico competente, que xustifique o cumprimento de:

5.1.3.1. A normativa sectorial de aplicación vixente.

5.1.3.2. O código Técnico da Edificación.

5.1.3.3. A normativa reguladora da protección contra incendios.

5.1.3.4. O Regulamento electrotécnico para baixa tensión.

5.1.3.5. A normativa vixente en materia de protección contra o ruído e a contaminación acústica.

5.1.3.6. A normativa en vigor sobre accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

5.1.3.7. A normativa sanitaria.

5.1.3.8. O cumprimento das determinacións contidas nas Ordenanzas e Regulamentos Municipais e no planeamento urbanístico do concello, en vigor.

5.1.4. Documentación xustificativa do cumprimento do artigo 5 da lei 13/2010, do comercio interior de Galicia, cando proceda.

5.1.5. Autorizacións e rexistros sectoriais que resulten necesarios para o exercicio da actividade (estradas, augas, ferrocarril,...).

5.1.6. Plano de emprazamento en cartografía oficial das NNSS, planos de plantas con situación de instalacións e maquinaria, planos de alzado e esquema unifamiliar da instalación eléctrica e fotos de fechada.

5.2. Nos supostos de actividades con simultánea execución da instalación ou das obras de acondicionamento suxeitas a declaración responsable. ademais da documentación sinalada no punto 5.1 deberase achegar a seguinte documentación:

a) Plano de situación e localización do inmovible no que se solicita a obra.

b) Orzamento detallado das obras que se pretenden executar que deberá ter en conta a ordenanza fiscal en vigor.

c) Á finalización das obras achegarase certificado de remate das mesmas asinado por técnico competente e, no seu caso, visado colexialmente, unha vez culminadas as obras e instalacións. O referido certificado acreditará que coas instalacións ou obras de acondicionamento executadas non se menoscaba o cumprimento da normativa sectorial de aplicación vixente, o código Técnico da Edificación, a normativa reguladora da protección contra incendios, o Regulamento electrotécnico para baixa tensión, a normativa vixente en materia de protección contra o ruído e a contaminación acústica, a normativa en vigor sobre accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, a normativa sanitaria, o cumprimento das determinacións contidas nas ordenanzas e regulamentos municipais e no planeamento Xeral urbanístico do concello e, no seu caso, o cumprimento do artigo 5 da lei 13/2010, do comercio interior de Galicia ou norma que o substitúa.

Artigo 8º. Documentación específica da comunicación dos cambios de titularidade.

Deberá achegarse a comunicación no modelo normalizado que se inclúe no anexo II desta ordenanza e que abrangue ademais da documentación relacionada no artigo 6, a seguinte:

1. Copia ou referencia exacta do título xurídico habilitante cuxa titularidade se transmite (licenza de actividade de apertura ou posta en funcionamento, comunicación previa ou declaración responsable).
2. Fotocopia do NIF/ NIE do/a anterior titular e do/a novo/a titular.
3. Documento acreditativo do traspaso, venda, cesión, etc... do local onde se desenvolve a actividade.
4. Documento acreditativo de alta na recollida do lixo e do Imposto de Bens Inmóveis.
5. Sinatura do/da anterior e do/da novo/a titular en transmisións inter-vivos, ou, no seu caso, a documentación

acreditativa da transmisión mortis-causa.

CAPÍTULO IV. PROCEDIMIENTO E RÉXIME XURÍDICO

Artigo 9º. Procedemento para tramitación das declaracións responsables e comunicacións previas e réxime xurídico de aplicación.

1. Formalización e presentación.

1.1. Tanto as declaracións responsables como as comunicacións do cambio de titularidade reguladas na presente ordenanza, deberán formalizarse obrigatoriamente no impreso normalizado incluído no anexo I e II correspondente.

1.2. Presentaranse debidamente cumprimentados no rexistro do concello, nas oficinas desconcentradas que se poidan determinar, en calquera dos rexistros ou por calquera medio válido consonte ao artigo 38 da lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, incluído o portelo único, por vía electrónica e a distancia, cando sexa posto en funcionamento.

1.3. A data que conste no selo do rexistro de entrada correspondente segundo o disposto no parágrafo precedente, presumirá a data de inicio da actividade agás que na instancia se signifique outra data distinta.

1.4. Cando deban realizarse diversas actuacións relacionadas coa mesma actividade comercial ou de servizos prevista no anexo do Real Decreto-lei 25/2012, do 25 de maio ou no mesmo local en que se desenvolve tal actividade, tramitarase unha única declaración responsable que abrangará tanto a actividade como a instalación e acondicionamento no seu caso.

1.5. A correcta e completa formalización, segundo os requisitos esixidos nos artigos reguladores, da declaración responsable ou da comunicación do cambio de titularidade habilita para o exercicio inmediato da actividade ou prestación de servizo e no seu caso para a execución da instalación ou as obras de acondicionamento declaradas responsablemente sen necesidade de ditar resolución administrativa expresa confirmatoria ou habilitante. No suposto de comunicacións de cambio de titularidade a habilitación para continuar executando a obra ou desenvolvendo a actividade queda suxeita ás condicións e medidas correctoras impostas na licenza ou declaración responsable que se transmite.

1.6. A persoa declarante ou a nova titular, ademais da manifestación responsable da certeza do declarado, deberá posuír no local comercial, a disposición do persoal técnico inspector municipal e da policía local, a documentación que se determina na presente ordenanza e facilitará o acceso ao local e ás instalacións ao devandito persoal municipal para as inspeccións, verificacións e comprobacións oportunas.

2. Emenda ou mellora da declaración ou comunicación.

Recibida a declaración responsable ou a comunicación do cambio de titularidade, se o servizo tramitador aprecia insuficiencia emendable nos datos achegados ou na documentación presentada requirirá á persoa declarante ou ao novo suxeito titular a súa emenda no prazo de dez días hábiles con advertencia expresa de que, de non facelo, teráselle por desistido/da da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada no termos previstos no artigo 42 da lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A persoa declarante ou o novo suxeito titular poderán instar unha ampliación do prazo se no termo concedido non puidera emendar a deficiencia.

A ampliación deberá solicitarse obrigatoriamente a través do modelo normalizado recollido no anexo IV desta ordenanza e sempre antes do vencemento do prazo outorgado. Neste caso, entenderase concedida sen necesidade de ditar resolución administrativa confirmatoria por un prazo de cinco días.

3. Efectos xurídicos e consecuencias.

3.1. A presentación da declaración responsable, co conseguinte efecto habilitante a partir do intre da súa presentación para o inicio da actividade e no seu caso da instalación ou acondicionamento, non prexulgará de xeito algún a situación e efectivo acomodo das condicións do establecemento á normativa aplicable, nin

limitará o exercicio das competencias municipais de comprobación, control, inspección e sancionadoras.

3.2. As declaracións responsables ou comunicacións de cambio de titularidade que se acheguen incompletas, incorrectas ou erróneas non producirán efectos xurídicos.

Tampouco producirán efectos xurídicos as declaracións responsables relativas ao desenvolvemento de actividades que infrinxan o réxime de usos previstos no plans territoriais ou urbanísticos vixentes.

3.3. Autorizacións sectoriais. As actuacións que se pretendan realizar en terreos ou bens que esixindo a intervención do concello precisen ademais de autorizacións sectoriais doutras administración consonte coa normativa sectorial de aplicación, deberán achegarse ou xustificar a súa solicitude polo interesado. No caso de que non conte coa devandita autorización o procedemento de tramitación da solicitude por parte do concello quedará en suspenso ata que se notifique a este a resolución recaída.

No caso de autorizacións sectoriais que resulten preceptivas e previas á solicitude de declaración responsable, deberán achegarse polo interesado. En defecto da devandita autorización previa, a tramitar polo interesado, as solicitudes de declaración responsable non serán admitidas e, no seu caso, non se poderá entender iniciado o procedemento.

3.4. En ningún caso entenderanse adquiridas por silencio administrativo facultades ou autorizacións en contra da lexislación ou do planeamento urbanístico aplicable.

A declaración responsable ou a comunicación do cambio de titularidade non eximen da obtención das licenzas e autorizacións que esixa calquera norma sectorial nin do deber de presentación doutras declaracións, comunicacións ou inscricións en rexistros que a devandita normativa impoña para o desenvolvemento da actividade ou a prestación do servizo de que se trate.

3.5. Só poderá utilizarse o procedemento de declaración responsable para as actividades, instalacións e obras de acondicionamento relacionadas no artigo 4 desta norma, nos supostos e coas condicións e requisitos que se establecen na presente ordenanza e na lexislación de desenvolvemento e transposición da Directiva 2006/123/CE. as restantes obras, actividades e servizos quedarán suxeitas ao procedemento de licenza municipal previa por mor da súa incidencia urbanística, medio-ambiental ou de interese xeral, e serán tramitadas consonte á lexislación que sexa de aplicación segundo a actividade de que se trate.

3.6. O sistema de acceso á libre prestación de actividades e servizos e o particular réxime procedimental que se pauta pola presente ordenanza non exonera, aos prestadores de servizos e titulares das actividades, nin aos promotores de instalacións e obras de acondicionamento, das obrigas de carácter tributario, fiscal, administrativo e de orde civil que se establecen no ordenamento xurídico vixente.

Tampouco poderán ser invocadas as declaracións responsables nin as comunicacións de cambio de titularidade para diminuíren ou excluíren a responsabilidade civil ou penal en que puideran ter incorrido os titulares no exercicio das actividades autorizadas coa presentación da declaración ou da comunicación.

3.7. As declaracións responsables e as comunicacións de cambio de titularidade producirán efectos entre o concello e os suxeitos solicitantes e non alterarán as situacións xurídicas entre estes e as demais persoas.

3.8. Os efectos habilitantes inmediatos para o inicio das actividades e prestación de servizos, ou mesmo para a execución de instalacións e obras de acondicionamento, que xeran as declaracións responsables ou os cambios de titularidade regulados pola presente ordenanza, deixarán a salvo, sempre, o dereito de propiedade e entenderase que autorizan o desenvolvemento da actividade sen prexuízo de terceiros.

En todo caso, serán de tracto sucesivo e, nas condicións sinaladas nesta ordenanza, as declaracións responsables e comunicacións posteriores deixarán sen efecto as anteriores sempre que as actividades ou servizos se desenvolvan efectivamente.

3.9. Carecerán de efectos xurídicos as declaracións responsables ou as comunicacións de cambio de titularidade que pretendan levar a cabo unha ocupación do dominio público ou desenvolver unha actividade que leve consigo un uso común especial daquél así como aquelas que teñan impacto sobre o patrimonio histórico-artístico.

3.10. A modificación ou ampliación dunha actividade suxeita a declaración responsable ou obxecto dunha comunicación de cambio de titularidade requirirá a presentación da nova solicitude correspondente, segundo o caso, debendo achegase ou dispor da documentación técnica referida aos aspectos afectados pola modificación.

3.11. As autorizacións declaradas poderán ser transmisibles, pero o anterior e o novo titular deberán comunicalo por escrito ao concello, nos termos sinalados na presente ordenanza.

De non facelo, ámbolos quedarán suxeitos ás responsabilidades que se poidan derivar do desenvolvemento da actividade.

3.12. Consonte co disposto na alínea 4 do artigo 71.bis da lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación de cambio de titularidade, ou a súa falta de presentación ante a administración competente, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

Asemade, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do dereito ou ao inicio ou reanudación da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo isto consonte aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.

3.13. A mesma consecuencia determinada no apartado anterior acontecerá:

a) Nas declaracións responsables, cando a instalación, obra de acondicionamento, actividade ou o servizo que se pretendan desenvolver ou prestar non se atopen incluídas dentro das que son obxecto da devandita declaración segundo o artigo 4 desta ordenanza.

b) Nas comunicacións de cambio de titularidade, cando non exista título xurídico habilitante anterior obxecto de transmisión ou falte a sinatura do/a anterior titular, e tamén no caso de que a actividade non se atope incluída entre as que son susceptibles de transmisión por se tratar dunha licenza que atinxa ás cualidades do suxeito, ao exercicio de actividades sobre bens de dominio público ou cando o número das licenzas outorgables fose limitado.

Nestes supostos, na resolución de ineficacia ditada polo órgano competente a pro postha do servizo tramitador lembrarase a obriga de cesamento da actividade ou servizo irregularmente declarado ou comunicado, dando por concluído o expediente coa remisión ao servizo de disciplina urbanística competente para a adopción das medidas procedentes para garantir o cesamento efectivo e inmediato da actividade, con clausura e precinto, no seu caso, do local ou da actividade ou servizo por parte da policía local, adopción das mediadas sancionadoras e/ou de reposición da legalidade urbanística que poidan corresponder e no seu caso, requirimento á persoa solicitante para que solicite a oportuna licenza.

3.14. Naqueles supostos nos que se declaren responsablemente instalacións ou obras de acondicionamento xuntamente coa actividade, non poderá ser iniciada esta ata o total remate da instalación ou obra, o que se certificará por técnico competente.

Nestes supostos de declaración conxunta as obras e instalacións deberán estar rematadas e iniciarse a actividade ou a prestación do servizo no prazo máximo de tres meses contados dende o día seguinte á presentación da declaración.

3.15. Considerarase en todo caso como instalación, obra de acondicionamento ou actividade ilegal, non autorizada ou carente de título xurídico habilitante, a desenvolvida ao abeiro dunha declaración responsable ou dunha comunicación de cambio de titularidade que segundo a regulación prevista resulte ineficaz.

3.16. Os datos contidos nas declaracións responsables e comunicacións de cambio de titularidade, ao igual que os contidos nas licenzas de apertura de establecementos públicos, serán comunicados á Dirección Xeral con competencia en materia de comercio da Xunta de Galicia, para os efectos da súa inscrición no Rexistro galego de comercio, naqueles casos en que legalmente proceda.

4. Extinción e caducidade

4.1. Os dereitos derivados de declaracións responsables ou das comunicacións de cambio de titularidade quedarán sen efecto de se incumpriren as condicións a que estivesen subordinadas e extinguiranse no caso de

renuncia do/da declarante ou novo/a titular.

4.2. Así mesmo, e previa audiencia da persoa interesada, poderá declararse a caducidade da declaración responsable ou da comunicación do cambio de titularidade nos seguintes supostos:

- a) Cando non se iniciase o desenvolvemento da actividade económica ou urbanística, ou a prestación do servizo, de que se trate no prazo de tres meses contados dende a data de inicio sinalada ou no seu defecto dende a data de presentación da instancia.
- b) Cando se interrompa o desenvolvemento da actividade ou a prestación do servizo por tempo superior a seis meses.

A declaración da caducidade extinguirá os dereitos derivados da declaración responsable ou da comunicación do cambio de titularidade impedindo o seu exercicio, deixando sen efecto, neste último suposto, o título xurídico cuxa titularidade foi transmitida e impedindo, en todo caso o exercicio da actividade ou a prestación do servizo.

CAPÍTULO V. INSPECCIÓN, VERIFICACIÓN E CONTROL POSTERIOR DE ACTIVIDADES, OBRAS E SERVIZOS

Art. 10º. Réxime de control posterior e verificación da actividade declarada ou comunicada.

1. O concello, ademais da verificación inicial da instancia e da documentación achegada por parte do rexistro municipal e do órgano xestor, realizara, a través dos servizos técnicos de inspección e da policía local, as actividades de comprobación, control e inspección que sexan necesarias das actividades e obras suxeitas aos réximes de declaración responsable ou comunicación pautados na presente ordenanza, consonte ao previsto no artigo 71 bis da lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e ditara, de ser procedente, a resolución que declare a omisión de carácter esencial, a inexactitude ou a falsidade, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou comunicación previa, así como a non presentación destas ante o concello.

2. A concorrencia de supostos de omisión, inexactitude ou falsidade de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a administración competente da declaración responsable ou da comunicación previa, determinara, con carácter xeral, a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o intre en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

3. A resolución administrativa que declare tales circunstancias disporá, sen mais tramite, o cesamento inmediato da actividade e a clausura do establecemento e poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao exercicio do dereito ou actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado. Todo isto nos termos establecidos nas normas sectoriais que resultaran de aplicación.

4. No suposto de infracción das disposicións da presente ordenanza, a resolución administrativa que declare tal circunstancia e a ineficacia da comunicación debora ditarse no prazo dun mes a contar da solicitude, e decretara, no seu caso, a suspensión das obras se estas fosen iniciadas.

5. En todo caso, a resolución extemporánea por ser ditada unha vez transcorrido o prazo dun mes, que declare a ineficacia das licenzas comunicadas, será plenamente válida e eficaz, e non haberá lugar a indemnización ao favor do comunicante, no suposto de que iniciada a execución das obras se ordenase posteriormente a suspensión de actividades ou a demolición do realizado, por mor do silencio negativo “contra legem” en materia urbanística.

6. No exercicio da función inspectora permanente das actividades e servizos, o concello poderá tamén ordenar a execución de medidas correctoras para manter as condicións de tranquilidade, seguridade, e salubridade e as demais impostas nos títulos habilitantes ou pola lexislación urbanística e sectorial de aplicación.

Artigo 11º. Das labores de inspección e verificación.

1. O procedemento de verificación do cumprimento da presente ordenanza constará das seguintes fases:

- 1.1. Control inicial da solicitude e documentación polo rexistro e órgano xestor.
- 1.2. Comprobacións por parte dos inspectores municipais e policía local.
- 1.3. Verificacións polo persoal técnico dos servizos de disciplina.

2. O persoal adscrito aos servizos municipais de disciplina urbanística, os inspectores habilitados e os axentes da policía local serán os encargados da actividade de verificación e comprobación de que as actividades, servizos e usos do solo se axustan ao previsto nesta ordenanza e ao ordenamento xurídico vixente.

3. O persoal adscrito a inspección e vixilancia de actividades, no exercicio das súas funcións, terá a consideración de axente da autoridade e estará capacitado, con este carácter, para requirir e examinar toda clase de documentos relativos a actividade ou obra, para comprobar a adecuación das actividades e servizos a normativa urbanística e sectorial aplicable e para reclamar de tódalas partes relacionadas coa actividade e servizo inspeccionado, cos Colexios profesionais correspondentes e con calquera outro organismo oficial con competencia na materia canta información, documentación e axuda material precise para o adecuado cumprimento das súas funcións.

4. Os inspectores estarán autorizados para acceder, previa identificación, sen previo aviso e en calquera momento a predios, locais, e demais instalacións e establecementos abertos ao público ou nos que se desenvolvan actividades ou servizos comunicados ou licenciados, suxeitos a súa actuación inspectora, a fin de comprobar o cumprimento do disposto na presente ordenanza.

5. Cando para o exercicio desas funcións inspectoras fose precisa a entrada nun domicilio solicitarase a oportuna autorización xudicial, en caso de oposición ou ausencia do titular ou morador.

6. Os feitos constatados polo persoal adscrito as funcións da inspección e vixilancia no exercicio das competencias propias gozaran de valor probatorio e presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses poidan sinalar ou achegar os propios administrados.

7. Efectuado o control posterior, emitirase informe que poderá ser:

a) Favorable: cando se comprobase a corrección cualitativa da documentación técnica presentada, e que a actividade axústase á mesma.

b) Con deficiencias: cando fosen emitidos informes técnicos nos que se evidencien incumprimentos normativos subsanables mediante a imposición de condicións para adaptar, completar ou eliminar aspectos que non supoñan unha modificación substancial.

Neste caso darase un prazo de 10 días ao titular para que presente nova comunicación, onde sinala que foron realizados os axustes requiridos.

c) Desfavorable: cando foran emitidos informes técnicos que evidencien incumprimentos normativos que excedan dos sinalados no apartado anterior, tanto na documentación técnica presentada como na actividade implantada.

Neste caso comunicarse esta circunstancia ó solicitante indicando que debe de absterse de executar a súa actuación, arquivándose o expediente sen máis trámite, todo elo sen prexuízo, no seu caso, da tramitación dos correspondentes procedementos de reposición da legalidade urbanística.

Artigo 12º. Do deber de colaboración dos titulares das actividades e servizos.

1. Os titulares das actividades e prestadores de servizos así coma, no seu caso, os promotores das obras de acondicionamento e instalación, ademais da obriga de conservar no local no que se desenvolve a actividade a documentación preceptiva subscrita por persoal técnico competente a disposición do persoal técnico, inspectores municipais e axentes da policía local, debera prestar a colaboración necesaria aos inspectores e técnicos municipais, a fin de permitir-lles realizar calquera tipo de medicións, exames, controis, tomas de mostras e recollida de información necesaria para o cumprimento das súas funcións.

2. Asemade poderán ser requiridos para achegar ao concello copia auténtica da documentación técnica acreditativa da concorrencia dos requisitos establecidos na normativa vixente para acceder ao recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio.

Artigo 13º. Denuncias.

Calquera persoa física ou xurídica poderá denunciar, diante o concello e por escrito, as actividades e servizos que se executen infrinxindo as disposicións da presente ordenanza ou da normativa reguladora do libre acceso a prestación de servizos.

CAPÍTULO VI. REXIME SANCIONADOR

Artigo 14º. Infraccións e sancións.

Sen prexuízo da resolución que determine a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada e das posibles medidas para restitución da legalidade á situación xurídica previa ao exercicio do dereito ou da actividade e do resarcimento de danos e perdas, se os feitos fosen constitutivos dunha infracción administrativa tipificada na lexislación vixente, o Concello, a través do correspondente expediente sancionador, imporá as sancións correspondentes aos suxeitos responsables.

Disposición Adicional Primeira: Modelos normalizados.

- 1.** Os correspondentes modelos de declaración responsable e comunicación de cambio de titularidade, manteranse permanentemente publicados e actualizados na paxina web municipal.
- 2.** Os anexos que se incorporan a esta ordenanza non teñen carácter regulamentario e o seu contido poderá ser adaptado, modificado ou ampliado por Resolución da alcaldía ou órgano delegado.

Disposición Adicional Segunda. Obrigas tributarias.

As obrigas tributarias derivadas das actuacións que se autoricen polos procedementos aquí regulados rexeranse pola ordenanza fiscal correspondente.

Disposición Transitoria Única.

Os promotores dos expedientes que á entrada en vigor da presente ordenanza se atopasen en tramitación neste concello, e se refiran a actividades suxeitas ao réxime de comunicación previa ou declaración responsable, poderán acollerse a estes procedementos, presentando para elo a documentación prevista na presente ordenanza.

Disposición Final.

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o texto íntegro no Boletín Oficial da provincia, e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime local.

ANEXOS

Inclúe esta ordenanza os seguintes anexos:

- I.-** Modelo de Impreso para o Exercicio de actividades en Réxime de Declaración Responsable.
- II.-** Modelo de Impreso para comunicación previa de cambio de titularidade.
- III.-** Modelo de Impreso para solicitude de prórroga de prazos.
- IV.-** Modelo de Impreso para solicitude de ampliación de prazos para achega de documentación.

ANEXO I- DECLARACIÓN RESPONSABLE DE APERTURAS COMERCIAIS E ACTIVIDADES INOCUAS

SOLICITANTE:

Nome e apelidos ou razón social _____

NIF/NIE _____

Enderezo: rúa, lugar _____ CP: _____

Concello _____ Tlf.Móbil: _____ Tlf./Fax: _____

REPRESENTANTE (CANDO PROCEDA):

Nome e apelidos ou razón social _____

NIF/NIE _____

Enderezo: rúa, lugar _____ CP: _____

Concello _____ Tlf. Móbil: _____ Tlf./Fax: _____

ACTIVIDADE OBXECTO DE DECLARACIÓN: _____

DATOS DO LOCAL: Rúa, lugar _____ m²: _____

REFERENCIA CATASTRAL: _____

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR:

- Fotocopia do NIF/NIE do/a solicitante e, no seu caso, do/a representante.
- Escritura da sociedade, poder ou documento acreditativo da representación expresa para este acto (se procede).
- Xustificante do ingreso da autoliquidación da taxa (obra/acondicionamento e actividade) que corresponda.
- Copia das autorizacións municipais de enganche á rede de abastecemento de auga e á rede de saneamento, e en caso de non posuilas copias rexistradas de entrada das instancias de solicitude para a acometida a rede de abastecemento de auga e á rede municipal de saneamento.
- Documentación acreditativa da referencia catastral.
- Documento acreditativo da propiedade ou disponibilidad que o solicitante ostenta sobre o local.

A persoa solicitante DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE que é certo canto subscribe e que chega a seguinte documentación que así o acredita:

- SEN OBRAS:
 - Memoria de actividade subscrita por persoal técnico competente.
 - Certificado de seguridade e solidez das instalación subscrito por persoal técnico competente.
 - Documentación técnica subscrita por persoal técnico competente, que xustifique, tanto o cumprimento da normativa sectorial de aplicación vixente, incluíndo o código Técnico da Edificación, a normativa reguladora da protección contra incendios, o Regulamento electromagnético para baixa tensión, a normativa vixente en materia de protección contra o ruído e a contaminación acústica, a normativa en vigor sobre accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e normativa sanitaria, como que o establecemento cumpre coas determinacións contidas nas Ordenanzas e Regulamentos Municipais e nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal (incluíndo plano de emprazamento en cartografía oficial das NNSS, planos de plantas con situación de instalacións e maquinaria, planos acoutados de alzados e seccións, esquema unifilar da instalación eléctrica e fotos da fachada).
 - Autorizacións e rexistros sectoriais que resulten necesarios para o exercicio da actividade.
 - Documentación xustificativa do cumprimento do art. 5 da lei 13/2010, do comercio interior de Galicia, cando proceda.

- CON OBRAS (ademais da anteriormente sinalada):
 - Plano de localización e situación do inmovible no que se solicita a obra.
 - Orzamento detallado das obras que se pretende executar.
 - Que non iniciará o exercicio da actividade antes da finalización das obras comunicadas e dispoñer do certificado Final de Obra asinado por técnico competente.

EN TODO CASO:

- Que cumprirá cos requisitos normativamente esixidos e manterá todas as medidas correctoras precisas para o correcto exercicio da actividade durante todo o período de tempo a el inherente.
- Que ao tratarse dunha actividade continuada, se acomodará ás esixencias derivadas da nova normativa que vaia entrando en vigor, previa obtención das autorizacións que, no seu caso, resulten necesarias para tal finalidade.

AUTORIZA aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta Administración, á comprobación telemática con outras administracións públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade a desenvolver

COMUNICA que iniciará a actividade en data ____/____/____

No caso de non indicar unha data de inicio, tomarase como tal a que conste no selo de rexistro de entrada correspondente.

Salvaterra de Miño, ____ de _____ de _____

Sinatura de quen solicita,

ANEXO II- COMUNICACIÓN DE CAMBIO DE TITULARIDADE.

- De licenza de apertura de local De declaración responsable

DATOS DA LICENZA OU DECLARACIÓN RESPONSABLE OBXECTO DA TRANSMISIÓN:

Número de expediente _____ Data de outorgamento _____
Actividade autorizada _____
Situación do local: rúa, lugar _____
Referencia catastral _____

NOVO/A TITULAR:

NIF/NIE: _____ Nome e apelidos ou razón social _____
Enderezo: rúa, lugar _____ CP: _____
Concello _____ Tlf. Móbil: _____ Tlf./Fax: _____

REPRESENTANTE (CANDO PROCEDA):

NIF/NIE: _____ Nome e apelidos ou razón social _____
Enderezo: rúa, lugar _____ CP: _____
Concello _____ Tlf. Móbil: _____ Tlf./Fax: _____

ANTIGO/A TITULAR:

NIF/NIE: _____ Nome e apelidos ou razón social _____
Enderezo: rúa, lugar _____ CP: _____
Concello _____ Tlf. Móbil: _____ Tlf./Fax: _____

REPRESENTANTE (CANDO PROCEDA):

NIF/NIE: _____ Nome e apelidos ou razón social _____
Enderezo: rúa, lugar _____ CP: _____
Concello _____ Tlf. Móbil: _____ Tlf./Fax: _____

COMUNICAN AO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO, a transmisión do título administrativo indicado, de conformidade co disposto no artigo 13 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, para os oportunos efectos.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR:

- Copia do título administrativo que se transmite.
- Documento acreditativo do traspaso, venda, cesión, etc... do local onde se desenvolve a actividade.
- Fotocopia do NIF/NIE do/a antigo/a titular e do novo/a titular e, no seu caso, do/a representante.
- Xustificante do ingreso da autoliquidación da taxa que corresponda.
- Copia das autorizacións municipais de enganche á rede de abastecemento de auga e á rede de saneamento, e en caso de non posuirlas copias rexistradas de entrada das instancias de solicitude para a acometida a rede de abastecemento de auga e á rede municipal de saneamento.
- Documento acreditativo de alta na recollida do lixo e do Imposto de Bens Inmóbles.
- Documentación acreditativa da referencia catastral.
- Escritura da sociedade, poder ou documento acreditativo da representación expresa para este acto (se procede).

AUTORIZAN aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración, á comprobación telemática con outras administracións públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade a desenvolver.

ADVIRTESELLE que as licenzas quedarán sen efecto se se incumpren as condicións ás que estiveran subordinadas.

O/a novo/a titular COMUNICA que continuará o desenvolvemento da actividade autorizada a partires da data ____/____/____.

No caso de non indicar unha data de inicio, tomarase como tal a que conste no selo de rexistro de entrada correspondente.

ADVIRTESELLE que consonte co disposto no apartado 4 do artigo 71.bis da citada lei 30/1992, “a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a administración competente da declaración responsable ou da comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

Asemade, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.”

Salvaterra de Miño, _____ de _____ de _____

Sinatura antigo/a Titular,

Sinatura novo/a Titular,

ANEXO III- SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE PRAZOS.

SOLICITANTE:

Nome e apelidos ou razón social _____

NIF/NIE _____

Enderezo: rúa, lugar _____ CP: _____

Concello _____ Tlf. Móbil: _____ Tlf./Fax: _____

REPRESENTANTE (CANDO PROCEDA):

Nome e apelidos ou razón social _____

NIF/NIE _____

Enderezo: rúa, lugar _____ CP: _____

Concello _____ Tlf. Móbil: _____ Tlf./Fax: _____

SOLICITA a prórroga do prazo de inicio/implantación da actividade ou prestación do servizo contido na:

- Declaración responsable de apertura
- Comunicación de cambio de titularidade

Segundo os seguintes datos identificativos:

Nº de expediente: _____

Data de presentación da declaración / comunicación: _____

Neste suposto a prórroga solicitada entenderase concedida sen necesidade de ditar resolución administrativa confirmatoria ou habilitante, por unha soa vez e por un novo prazo igual ao inicialmente outorgado.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR EN TODO CASO (salvo identificación exacta doutro expediente no que figure: _____)

- Fotocopia do NIF/NIE do/a solicitante e, no seu caso, do/a representante
- Xustificante do ingreso da autoliquidación da taxa que corresponda
- Escritura da sociedade, poder ou documento acreditativo da representación expresa para este acto (se procede)

Salvaterra de Miño, _____ de _____ de _____

Sinatura de quen solicita,

ANEXO IV- SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DO PRAZO OUTORGADO PARA A ACHEGA DE DOCUMENTACIÓN.

SOLICITANTE:

Nome e apelidos ou razón social _____

NIF/NIE _____

Enderezo: rúa, lugar _____ CP: _____

Concello _____ Tlf. Móbil: _____ Tlf./Fax: _____

REPRESENTANTE (CANDO PROCEDA):

Nome e apelidos ou razón social _____

NIF/NIE _____

Enderezo: rúa, lugar _____ CP: _____

Concello _____ Tlf. Móbil: _____ Tlf./Fax: _____

SOLICITA, ao abeiro do disposto no artigo 49 da lei 30/92, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a ampliación do prazo outorgado para a achega de documentación no expediente que se identifica:

EXPEDIENTE N°: _____

TRAMITADO EN SOLICITUDE DE:

- Declaración responsable
- Comunicación de cambio de titularidade

A presente solicitude de ampliación, correctamente formalizada sempre antes do vencemento do prazo outorgado, entenderase concedida por un novo prazo que non exceda da metade do inicialmente fixado, sen necesidade de resolución confirmatoria, salvo precepto en contrario.

Salvaterra de Miño, ____ de _____ de _____

Sinatura de quen solicita,

----oo0oo----

Salvaterra de Miño, 31 de xaneiro de 2013.

O Alcalde.

Asdo. Arturo Grandal Vaqueiro